



CONVOCATORIA ESPECÍFICA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMACIÓNS ARTÍSTICAS EN SALAS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE TITULARIDADE DE PERSOAS FÍSICAS E PERSOAS XURÍDICAS PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, EJERCICIO 2017 (REF 502017CULTURA003- Subvencións salas de entidades sen ánimo de lucro)

I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

Base 1.- Obxecto.-

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, convócanse subvencións para á realización de programacións artísticas en salas de artes escénicas e musicais de titularidade de entidades sen ánimo de lucro no Concello da Coruña durante o ano 2017.

Base 2.- Finalidade

A finalidade da subvención é o fomento e apoio á realización de ciclos de actuacións de artes escénicas ou musicais xa realizados ou por realizar durante o exercicio económico 2017 (do 1 de xaneiro ao 30 de novembro), sempre e cando as ditas actuacións se realicen en salas de artes escénicas e salas de música do concello da Coruña, ámbalas dúas de titularidade de persoas físicas ou persoas xurídicas privadas sen ánimo de lucro. Considéranse salas de artes escénicas aquelas onde se leven a cabo actividades teatrais ou de danza.

En todo caso, só poderán percibir a subvención as entidades privadas sen ánimo de lucro que sexan titulares dunha sala de artes escénicas ou de música, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Capacidade ou aforo igual ou inferior a 500 persoas.
- Ter licenza de apertura para o desenvolvemento da activade para a que se solicita a subvención.

Base 3.- Réxime xurídico.-

3.1. A presente convocatoria rexerese integramente polas presentes Bases, pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Excmo. Concello da Coruña (BOP nº 40 do 19/02/2005 <http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2005/02/19/1824-0.htm>) e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e os Regulamentos que as desenvolven e demais normas concordantes e de pertinente aplicación.



Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido na Base 11ª e Base 10ª.2.b) e c) das Bases de Execución do Orzamento municipal do exercicio 2017.

3.2. As bases estarán a disposición dos interesados na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, na páxina web do Boletín Oficial da Provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/> e na Base de Datos Nacional de Subvenciones: <http://www.infosubvenciones.es>

II. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Base 4.- Crédito orzamentario

4.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de trinta mil euros (30.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 50.334.489.00 do orzamento municipal do exercicio en vigor.

4.2. Este crédito orzamentario é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.

4.3. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións, no caso de que este crédito increméntese como consecuencia dunha modificación orzamentaria derivada de non consumir o crédito de convocatorias anteriores dos mesmos créditos ou por terse incrementado o seu crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Base 5.- Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto.-

5.1. O importe máximo do orzamento susceptible de ser subvencionado será o que a continuación se detalla, en función das características da sala na que se desenvolve a programación:

- a) Salas de teatro e/ou danza con aforo da sala igual ou inferior a 500 persoas: ata 15.000 euros e o 100% do custe total da programación a desenvolver
- b) Salas de música con aforo igual ou inferior a 120 persoas: ata 15.000 euros e o 75% do custe total da programación a desenvolver
- c) Salas de música con aforo superior a 120 e igual ou inferior a 350 persoas: ata 9.000 euros e o 60% do custe total da programación a desenvolver



- d) Salas de música con aforo superior a 350 persoas e igual ou inferior a 500: ata 6.000 euros e o 50% do custe total da programación a desenvolver

5.2.- O coeficiente de financiamento propio poderá estar constituído tanto pola achega propia da entidade solicitante como daquelas outras achegas procedentes doutras persoas e/ou entidades públicas ou privadas.

Base 6.- Compatibilidade

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificado polo beneficiario.

III. GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Base 7.- Gastos subvencionables.-

7.1. Gastos subvencionables: Criterios xerais:

7.1.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionados, se leven a cabo no período comprendido entre o un de xaneiro e o trinta de novembro de dous mil dezasete, se inclúan entre os seguintes:

- a) Honorarios artísticos e dereitos de autor
- b) Servizos técnicos e/ou profesionais
- c) Gastos de alugamento de material
- d) Gastos de comunicación, difusión e imaxe
- e) Outros de natureza similar

En todo caso, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate.

E así, cando se correspondan con custos de persoal ou outros de carácter estrutural da entidade, deberase xustificar dentro da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período en que efectivamente se leva a cabo a actividade debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade dos factores de produción estritamente necesarios para o exercicio da actividade subvencionada.



Considérase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que figura na Base 18.1.2. desta convocatoria.

7.1.2. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

7.2. Subcontratación:

A posibilidade da subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Poderase subcontratar ata o 50% das actividades ou proxectos subvencionados. Con todo, o réxime de subcontratación estará suxeito aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións, os supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da Lei Xeral de Subvencións, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas, para supostos distintos ao apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente a subcontratación ou o custo da actividade ou proxecto subvencionado agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade ou proxecto que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes. Con todo, a subcontratación debe ser autorizada previamente polo órgano concedente da subvención sempre que se acredite que se efectúa a prezos de mercado. A solicitude de autorización de subvención, de acordo co formato contido nesta convocatoria. O órgano competente de Cultura pronunciarase sobre a solicitude de autorización na propia resolución de outorgamento da axuda solicitada.

A pesar do sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

Aos efectos previstos nos apartados dous e tres deste artigo, considerase que existe vinculación con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas



que concorra algunha das circunstancias descritas no apartado 2 do artigo 68 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7.3 Contratación con persoas ou entidades vinculadas:

En ningún caso o beneficiario poderá contratar servizos ou subministros con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario nos termos descritos no apartado 2 do artigo 68 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente do seguinte modo:
 - Solicitud por parte do interesado con carácter previo á execución da actividade ou proxecto subvencionado.
 - órgano concedente deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou subministros que poden ser obxecto de contratación.

7.4. Gastos subvencionables: Gastos indirectos ou gastos xerais:

Poderase imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade, que teñan vinculación coa actividade subvencionada, ata un 20% do orzamento inicial da actividade, ou do gasto executado se é menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos. A imputación á actividades subvencionada haberá de levarse a cabo na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales costes correspondan ao período en que efectivamente se leva a cabo a actividade ou actividades subvencionada/s. En particular, a imputación de costes de persoal da estrutura da entidade beneficiaria a labores de coordinación, control, organización ou similares, consideraranse a efectos desta subvención gastos indirectos (xerencia, secretarías, coordinación, xurídicos, contables, etc).

Con todo, o solicitante poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade ou proxecto. En ningún caso caberá combinar ambas as posibilidades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo



subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade ou proxecto subvencionado e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

7.5. Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas:

De acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro , para o contrato menor (18.000,00 euros, sen IVE incluído), o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se tivera realizado con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

7.6. Gastos non subvencionables:

7.6.1. Son gastos non subvencionables aqueles relativos aos investimentos en bens inventariables, e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

7.6.2. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

7.6.3. Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recollidos nos apartados anteriores nin se correspondan co período fixado na base 7.1.1. desta convocatoria.

IV. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.-

Base 8.1.- Entidades beneficiarias



Poderá acceder á condición de beneficiario calquera persoa física ou persoa xurídica privada sen ánimo de lucro, validamente constituída e que de acordo co seu obxecto social ou co exercicio da súa actividade poida levar a cabo algunha das accións que motivan a concesión da subvención, nos termos descritos na Base 2 desta convocatoria.

8.2.- Requisitos das entidades beneficiarias

Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral De Subvencións, os seguintes:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal da Coruña. De modificarse o domicilio social deberá acreditarse a modificación do mesmo no rexistro correspondente.
No caso de existir delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante contrato ou documento de valor xurídico similar a nome da entidade na que conste que a súa utilización será para actividades da propia entidade.
- b) Que carezan de fin de lucro e que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención. O cumprimento deste requisito esixirá en todo caso o estar constituído de conformidade coa normativa vixente e debidamente inscritos no correspondente Rexistro Administrativo.
- c) Que a actividade ou proxecto para a que se solicite a subvención sexa coincidente coa finalidade recollida na Base 2 da presente convocatoria e, especificamente, que a programación artística para a que se solicita a subvención cumpra os seguintes requisitos:
 - Que se celebre entre o día 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2017
 - Que inclúan un mínimo de 4 días de programación e 4 actuacións artísticas de diferentes formacións
 - Que a programación proposta contemple un mínimo dun 30% de actuacións en lingua galega e/ou de creadores locais
- d) Que xustificasen a subvención anteriormente outorgada polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, e fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña, os seus Organismos Autónomos e Entidades de Dereito Público dependentes do mesmo.



De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas oportunas.

- f) Se a actividade ou proxecto para a que se solicita a subvención ten como suxeito a menores de idade, deberá presentarse unha declaración responsable de que todo o persoal (incluído o voluntario) encargado de realizala e que teña contacto habitual cos menores, cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

A declaración responsable requirida estará incluída no propio formulario de solicitude que será asinado polo presidente ou representante da entidade.

- g) Os demais contemplados na Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña e na Lei Xeral de Subvencións .

V. PROCEDEMENTO: INICIACIÓN.-

Base 9.- Procedemento: Réxime e inicio.-

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración incluídos na convocatoria.

Base 10.- Procedemento: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento.-

10.1. De acordo co establecido no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar, a instrución do procedemento de concesión corresponde á Xefatura do Departamento municipal que ten atribuída a competencia para a xestión deste expediente, que actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións.



10.2. O órgano competente para a resolución será a/o concelleiro responsable da Área de goberno de Cultura, Deporte e Coñecemento, por delegación da Xunta de Goberno Local.

Base 11.- Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes.-

11.1. Presentación de solicitudes de subvención.

11.1.1. A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> **no prazo dun mes** contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Deberá presentarse no modelo oficial adxunto a esta convocatoria (solicitude).

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación da devandita convocatoria. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo termina o último día do mes.

Tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.2. Documentación das solicitudes de subvención.

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

A) Relativa ao beneficiario da subvención:

11.2.1. Solicitude que deberá de presentarse e cumprimentarse no modelo establecido que se adxunta (solicitude), asinada pola/o representante legal, cumprimentando as especificacións, declaracións e autorizacións que figuran no propio modelo e que se indican a continuación:

- a) Correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimento de documentación.
- b) Número de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC)
No suposto de non estar debidamente inscritos no REMAC, deberá achegar a seguinte documentación relativa á entidade e o seu representante legal:
 - Estatutos vixentes polos que se rexe a entidades solicitante (fotocopia compulsada)
 - Código de identificación fiscal (CIF) da entidade (fotocopia compulsada), ou número de identificación fiscal (NIF) das persoas físicas que integren a agrupación solicitante (fotocopia compulsada)



- c) Fotocopia compulsada do DNI/NIF do representante legal da entidade
- d) Certificación dos datos bancario da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria), segundo se indica no apartado 11.2.7 seguinte.

- e) Certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social.

11.2.2 No caso de opoñerse expresamente á consulta ou obtención polo Concello da Coruña de certificados acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia e o Concello, o solicitante deberá presentar os certificados acreditativos de acharse ao corrente no pago das súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia, o Concello da Coruña e ao corrente nas súas obrigacións fronte á Seguridade Social (orixinal ou fotocopia compulsada).

11.2.3 Declaración responsable de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

11.2.4. Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal dedicado á realización das actividades ou proxectos solicitados que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do menor e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

11.2.5. Declaración responsable do compromiso para manter na xustificación a porcentaxe de cofinanciamento da solicitude.

11.2.6. Compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.

11.2.7 Certificación dos datos bancarios do solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo interesado no que respecta ao nome ou denominación social, CIF ou NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).

11.2.8 Certificación acreditativa dos cargos representativos, finalidade e do domicilio social da entidade, mediante a cumprimentación do formulario de solicitude.

B) Relativa ás actividades, proxectos e/ou actuacións solicitadas:

11.2.9 Memoria explicativa de cada unha das actividades ou proxectos solicitados, coas especificacións que se detallan no modelo do Anexo I.

11.2.10 Orzamento de ingresos e gastos das actividades ou proxectos, ou actuacións solicitadas, con expresión do financiamento previsto e a nivel de detalle que permita



identificar e comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables, mediante a cumprimentación do modelo do Anexo II.

11.2.11 Memoria da actividade realizada na sala ao longo do exercicio 2016, incluíndo a relación de actuacións celebradas, con especificación das datas e formacións artísticas participantes.

11.2.12 Certificación das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade ou proxecto, ou actuación, obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, mediante a cumprimentación do modelo de solicitude.

11.2.13 Declaración sobre a previsión de contratación para a execución da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, de persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante, segundo o establecido na Base 7.2. anterior, mediante a cumprimentación do formulario de solicitude.

11.2.14 Calquera outra documentación que a entidade ou agrupación solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, mediante a presentación dunha memoria complementaria a efectos de ampliar a información requirida no Anexo I e cunha extensión que non poderá exceder de 6 folios.

11.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención.

11.3.1. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, o solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, cumprimentando para ese efecto unha declaración segundo o modelo do formulario de solicitude.

Nos suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou o seu representante, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, coa anterioridade á formulación da proposta de resolución.

11.3.2. Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria son de enchemento obrigatorio e poderán ser ampliados polos solicitantes achegando a documentación que consideren oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.



VI. PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN.-

Base 12.- Procedemento: Instrución.-

12.1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na Base 10.1.

12.2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

12.3. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na Base 13 seguinte.

12.4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

12.6. Unha vez avaliadas as solicitudes, a Mesa de Avaliación que indica na Base 13.3 seguinte, deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

Base 13.- Procedemento de concesión: Criterios de valoración das subvencións e Mesa de avaliación de subvencións.-



13.1. Criterios de valoración das solicitudes:

13.1.1. Criterios relativos ao historial e traxectoria da sala: Puntuación: Ata 30 puntos.

a. Antigüidade da sala (ata 10 puntos)

Ata tres anos: 3 puntos

Entre tres e oito anos: 7 puntos

Máis de oito anos: 10 puntos

b. Volume de programación durante o ano 2016 (ata 10 puntos)

Entre 15 e 30 actuacións: 3 puntos

Entre 31 e 60 actuacións: 7 puntos

Máis de 60 actuacións: 10 puntos

c. Calidade da programación desenvolvida ao longo do ano 2016 (ata 10 puntos)

En atención ao grao de especialización e diferenciación da programación da sala, o seu carácter innovador e a presenza de novos creadores e creadores locais.

13.1.2. Calidade da proposta de programación artística: Puntuación: Ata 70 puntos.

a. Calidade da proposta de programación (ata 24 puntos)

En atención á traxectoria e relevancia dos autores e obras programados e da inclusión de propostas innovadoras.

b. Contribución á creación local, os novos creadores e a creación en lingua galega. (ata 12 puntos)

Porcentaxe da programación a cargo de creadores locais, creadores menores de 30 anos e/o creación en lingua galega:

Entre o 30% e o 45%: 3 puntos

Entre o 46% e o 70%: 7 puntos

Máis do 70%: 10 puntos

c. Contribución da programación á creación de novos públicos (ata 12 puntos)

En atención á calidade e amplitude da programación e actividades complementarias dirixidas á creación de novos públicos, con especial atención aos mozos e escolares.

d. Contribución da programación á difusión dos valores de igualdade de xénero, respecto á diversidade cultural, inclusión social e conservación do medio (ata 12 puntos)

En atención aos contidos da programación e actividades complementarias propostas que contribúan á difusión dos valores de igualdade de xénero, respecto á diversidade cultural, inclusión social e conservación do medio.



e. Plan de comunicación (ata 10 puntos)

En atención á calidade da estratexia proposta, amplitude de soportes e medios aos que vai dirixido e período de tempo dedicado á execución do plan

13.1.3 Emprego da lingua galega na presentación, realización e difusión do ciclo ou programación artística: Ata 10 puntos.

A puntuación máxima será de 110 puntos. Só serán subvencionables os ciclos ou programacións que alcancen un mínimo de 60 puntos.

13.2. Determinación da contía da subvención

Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención resultante para cada actividade ou proxecto virá determinada pola seguinte fórmula:

Contía da subvención = Puntos obtidos na actividade ou proxecto x valor punto

Cálculo do valor de cada punto:

Valor punto = Presuposto total (30.000 €)/Total de puntos obtidos por todas as actividades ou proxectos.

En ningún caso a contía da subvención poderá superar o máximo subvencionable segundo o establecido na base 5.

Se a asignación a unha actividade ou proxecto resultase superior á cantidade solicitada, a diferenza entre estas poderase redistribuír entre as actividades ou proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada.

A redistribución das diferenzas producidas por este motivo realizarase seguindo o mesmo procedemento, participando unicamente os proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada ou ao tope establecido nas presentes bases.

Todas as operacións expresaranse en números con dous decimais exceptuándose a asignación final que se redondeará a enteiros.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para ser atendidas en caso de producirse algunha renuncia ou por reformulación nos proxectos inicialmente presentados ou de producirse un incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución.



13.3. Mesa de Avaliación:

13.3.1. As solicitudes de subvención presentadas serán avaliadas por unha Mesa de Avaliación nomeada polo/a titular da Área de Goberno de Cultura, Deporte e Coñecemento, e estará composta polos seguintes membros:

Presidente/a: Un/a funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1 e adscrito/a ao Servizo responsable da convocatoria.

Vogais: Dous técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2 e adscritos/as ao Servizo responsable da convocatoria.

Secretaria/o: Un/ha funcionario/a de carreira pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 e adscrito/á ao Servizo responsable da convocatoria.

13.3.2. No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, será substituída pola persoa funcionaria designada polo/a titular da Área de Goberno de Cultura, Deporte e Coñecemento, 12.3.4.

A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirir aos solicitantes de subvención, a información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

Base 14.- Procedemento de concesión: Proposta de resolución provisional, trámite de alegacións e reformulación, proposta de resolución definitiva, aceptación e resolución definitiva das subvencións.-

14.1. O órgano instrutor á vista do expediente e do informe da mesa de avaliación, formulará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)

Tras esta publicación concederáse aos solicitantes un prazo de dez días naturais para presentar alegacións.

